UGT GALICIA LABORAL
Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299 Nº 1.116 Semana do 25 de outubro ao 1 de novembro de 2026

CONSTERNACIÓN POLO GRAVE ACCIDENTE FERROVIARIO DE URDA (TOLEDO)



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) manifesta a súa profunda consternación e pesar polo accidente ferroviario deste mércores na provincia de Toledo. Trasladamos o noso máis sentido pésame ás familias e achegados das persoas falecidas e desexamos unha pronta e completa recuperación ás persoas feridas. O noso recoñecemento tamén aos servizos de emerxencia, aos equipos sanitarios e a todas as persoas que traballan en condicións moi difíciles para atender as vítimas.

UGT pon todos os seus recursos ao dispor das vítimas e das súas familias, así como das persoas traballadoras afectadas por esta traxedia, ás que ofrecemos todo o noso apoio e asesoramento. Desde o primeiro momento estamos a traballar xunto co noso sector ferroviario de FeSMC-UGT para acompañar ás vítimas, apoiar ás traballadoras e traballadores ferroviarios e contribuír a esclarecer as causas do accidente.

Estaremos presentes e colaboraremos para que esas causas se coñezan con rigor e transparencia e, no seu caso, depúrense as responsabilidades que correspondan. É a segunda gran traxedia ferroviaria deste ano, despois da de Adamuz. Por iso, reiteramos que a seguridade do transporte público non admite atallos. É unha garantía de dereitos, de protección da vida e de cohesión territorial, e esixe os investimentos, o mantemento e os cadros de persoal necesarios.

Queremos expresar tamén o noso apoio, solidariedade e afecto ás traballadoras e traballadores do sector ferroviario. que viven con especial dor un accidente no seu propio ámbito de traballo e, aínda así, seguen prestando un servizo esencial con profesionalidade e entrega.

UGT seguirá atenta á evolución da situación e ofrecerá orientación e apoio a todas as persoas afectadas.Moitas delas requiren unha atención psicolóxica personalizada onde profesionais cualificados os escoiten e asesoren sobre como afrontar esta difícil situación.

Os psicólogos e psicólogas que UGT pon ao dispor das persoas afectadas pertencen á Fundación Psicoloxía sen Fronteiras e as persoas que así o desexen poden acceder a través da nosa web https://www.ugt.es/observatorio-de-salud-mental e a través do teléfono habilitado para este caso: 697705436.

ASEMBLEA EN VIGO O MARTES COMO ACTO PREVIO AO #11N

Intervirán Pepe Álvarez, Cristóbal Medeiros e Ernesto Fontanes

Redacción.- Os actos previos á folga xeral do 11N xa botaron a andar Neste contexto, en Galicia está prevista unha asemblea en Vigo, para o vindeiro día 3 de novembro, ás 11.30 horas no Auditorio Municipal do Concello, na Praza do Rei.

Nesta asemblea intervirán o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez; así como os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-Vigo, Cristóbal Medeiros e Ernesto Fontanes, respectivamente.

Lembrar que a folga xeral pretende incorporar ao debate público as reivindicacións sobre vivenda, salarios, negociación colectiva e dereitos sociais .En definitiiva, coa convocatoria do 11 de novembro, UGT busca reforzar a mobilización social para reclamar cambios que permitan mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras e garantir o acceso a dereitos esenciais como a vivenda, o emprego digno e a protección social.



Máis de 2.000 delegados e delegadas de UGT e CCOO reuníronse en Getafe para impulsar a folga xeral do 11N

Pepe Álvarez denunciou o bloqueo da negociación colectiva por parte da CEOE e defendeu unha folga para esixir vivenda digna, mellores salarios, servizos públicos e unha repartición xusta da riqueza



Redacción.- Máis de 2.000 delegados e delegadas de UGT e CCOO participaron este luns nunha asemblea en Getafe para impulsar a folga xeral do próximo 11 de novembro. Unha convocatoria que ten como detonante a crise de acceso á vivenda, pero que tamén responde ao bloqueo da negociación colectiva, a necesidade de mellorar os salarios e a defensa dos servizos públicos e os dereitos sociais.

En declaracións aos medios de comunicación, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, destacou que máis de 1.500 comités de empresa adheríronse xa á convocatoria e insistiu na importancia de trasladar aos centros de traballo as razóns desta mobilización, que culminará con grandes manifestacións nas cidades.

Álvarez denunciou que a CEOE leva máis dun ano sen sentarse a negociar o Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), un instrumento fundamental para establecer as bases da negociación colectiva en España. Unha situación que, xunto aos numerosos convenios pendentes de negociación, está a xerar un importante nivel de conflitividade laboral.

O secretario xeral de UGT advertiu tamén de que o encarecemento da vivenda está a absorber boa parte das melloras salariais conseguidas. "Non hai convenio que aguante a subida da vivenda neste país", sinalou, subliñando que mesmo os importantes incrementos do Salario Mínimo Interprofesional perden efectividade cando o custo de acceder a unha vivenda lévase unha parte desproporcionada dos ingresos.

Unha folga tamén en defensa dos servizos públicos

Durante a súa intervención ante a asemblea, Álvarez sinalou "a falta de negociación da CEOE" como primeiro destinatario desta folga xeral, que tamén interpela ás administracións públicas co fin de reclamar máis recursos para os servizos públicos, especialmente en sanidade e educación.

Neste sentido, reivindicou a importancia de garantir unha educación pública de calidade e unhas universidades públicas accesibles, para que os fillos e fillas das persoas traballadoras poidan estudar con independencia dos recursos económicos das súas familias.

Así mesmo, defendeu o sistema público de pensións fronte a quen pretende avanzar cara a súa privatización. Lembrou os acordos alcanzados para garantir a súa sustentabilidade e contrapuxo os seus avances á reforma de 2013 do Goberno de Mariano Rajoy, que contemplaba revalorizacións mínimas do 0,25%. Álvarez insistiu en que ningún sistema privado ofrece as garantías do sistema público de pensións.

Tamén rexeitou os discursos que cuestionan as baixas laborais, lembrando que "as altas e as baixas neste país danas os médicos do sistema público de saúde".


Álvarez reiterou que existen razóns máis que suficientes para secundar a folga xeral e defendeu que a convocatoria debe servir para conseguir solucións efectivas á crise de vivenda, desbloquear a negociación colectiva, reforzar os servizos públicos e avanzar cara a unha repartición máis xusta da riqueza.

Durante a súa intervención, tamén expresou o respaldo das organizacións sindicais ás persoas acampadas que reclaman solucións ao problema da vivenda, denunciando a actuación dos fondos de investimento que especulan cun dereito fundamental.

Para rematar, felicitou ao presidente do Brasil, Lula da Silva, e agradeceu ao Concello de Getafe a súa colaboración e acollida para a celebración desta asemblea sindical, que supón un novo impulso á mobilización do próximo 11 de novembro.

Os datos da EPA indican que, a pesar do crecemento do desemprego, tanto a ocupación como a actividade están en máximos, o que evidencia un mercado laboral máis dinámico

Agora toca mellorar os salarios e o acceso á vivenda



Redacción.- Os datos da EPA, referidos ao terceiro trimestre de 2026, feitos públicos este martes, evidencian un mercado laboral cada vez máis dinámico ao que ten contribuído o proceso de regularización de inmigrantes. Isto evidénciase en mellores taxas de ocupación e actividade, marcando máximos.

No outro lado da moeda está a suba do desemprego, propia dun trimestre no que as contratacións de verán caen, e tamén dun mercado laboral que se está readaptando ao incremento poboacional e de activos. Se hai un ano, no terceiro trimestre de 2025, había en Galicia 107.100 activos de orixe estranxeira, hoxe, neste trimestre, esta cifra ascende a 117.600.

Ante este contexto, o reto é que o emprego sexa de calidade e que a riqueza que xera chegue a quenes a producen.

A calidade da contratación tamén está a ser boa, con taxas de temporalidade que se manteñen moi por debaixo das rexistradas antes da reforma laboral, con porcentaxes importantes de contratación indefinida pero, aínda así, dende UGT-Galicia considérase que hai que seguir traballando nesta liña, co reforzo da Inspección de traballo e a aplicación dos convenios colectivos para que o emprego que aflora o faga con todos os dereitos.

O sindicato tamén advirte que os datos de desemprego non poden considerarse irrelevantes, polo que urxe traballar na mellora dos servizos públicos de emprego para que poidan ofrecer unha atención personalizada, especialmente para as persoas que están en situación de desemprego de longa duración, os máis mozos e as persoas recén regularizadas.

Por outra banda, crear emprego non basta. Para que este sexa de calidade ten que estar ben pagado e os salarios deben medrar ao ritmo dunha economía que avanza e duns prezos que non deixan de subir. Neste contexto UGT aposta por unha subida do SMI do 7% e insta á patronal a impulsar o VI AENC con incrementos salariais que permitan gañar poder de compra.

E todo isto vai ser imprescindible para abordar a grave crise da vivenda que golpea con especial dureza aos máis mozos.

En definitiva, cuns datos macroeconómicos que en liñas xerais son bos, é o momento de distribuír a riqueza xerada: máis emprego de calidade, subida de salarios e acceso a bens básicos como a vivenda. E estas son as reivindicacións que UGT vai levar á folga xeral do 11N.

Radiografía da EPA en Galicia. Máximos de ocupación e actividade nesta Comunidade

Os datos amosan que hai en Galicia 13.900 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 1,2%) e, en relación ó segundo trimestre de 2026, hai 21.400 ocupados máis, o que supón unha subida do 1,8%.

Aínda que a EPA amosa un bo comportamento da situación laboral desta Comunidade, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 54,56%, fronte ó 59,52% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro subiu en 17.900 persoas, o que supón o 17,4%. E, en relación ó trimestre anterior, o desemprego tamén subiu, un 19,2%, en 19.400 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 120.500 persoas desempregadas, no 9,2%. No caso dos homes esta taxa é do 9,11% e do 9,24% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 25,7%.

Por sectores, con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube en todos, excepto na construción, no que baixa nun 7,8%, en 6.200 persoas. Pola contra, sube no primario, nun 6,8%, en 4.400 persoas; na industria, nun 2,1%, en 3.800 persoas; e nos servizo, nun 2,3%, en 19.300 persoas.

Hai en Galicia un total de 990.900 asalariados, subindo con respecto ó trimestre anterior en 24.700 (2,6%) e ó ano soben en 30.500 (3,2%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 14,1%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,7%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 11,2%, sendo o 43,7% da mesma de carácter involuntario, este último é un dato do Estado.

39.500 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación do paro de longa duración.

Das 120.500 persoas que están no desemprego, 39.500 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

Acordo no metal de Lugo con importantes melloras salariais e unha cláusula de revisión sen topes que garante o poder adquisitivo



Redacción.- As xornadas de folga e as mobilizacións no metal de Lugo, tanto no siderometal como no comercio, deron os seus froitos con sendos acordos, ratificados en asemblea, que van supoñer un incremento substancial dos salarios xunto con cláusulas de revisión salarial que garantirán o mantemento do poder adquisitivo nun contexto de forte crecemento dos prezos.

Deste xeito quedaron desconvocadas as xornadas de folga e mobilizacións dos días 28 e do 3 e 5 de novembro. Así o explicaron Carlos García (FICA-Lugo) e Isabel López (FeSMC-Lugo).

Concretamente, os acordos recollen incrementos salariais do 5% para o 2026; 4,5% para 2027 e 2028; e do 4% para o 2029. A todo isto súmanselle os atrasos íntegros dende o 1 de xaneiro de 2026.

Tanto dende FICA como dende FeSMC destácase que a cláusula de revisión salarial sen topes, que ademais operará con efectos retroactivos, no actual contexto de incremento continuo dos prezos, sobre todo dos bens máis básicos, supón un importante escudo para as familias.

Tamén se pactou unha redución de xornada, catro horas no 2026 e 4 no 2029. Neste caso, FICA e FeSMC recoñecen que, aínda que supón un avance, as propostas sindicais eran bastante máis ambiciosas, polo que en negociacións futuras vaise incidir nesta demanda. Non obstante, si hai que apuntar algo positivo nesta parte da negociación, xa que a redución conseguiuse para ambos convenios, cando a pretensión inicial da patronal era excluír ao comercio.

No relativo ao abono das horas extra, terán un recargo do 50%. As dúas primeiras horas diarias ou 25 ao mes pagaranse cun recargo do 60%; as horas nocturnas ao 60%, as horas en descanso semanal ao 75% e as horas extras en festivo e nocturnas ao 100%. Os festivos de convenio traballados retribuiranse dúas horas por cada hora traballada e no caso de domingos efectivos, a retribución será a elección da persoa traballadora, ou día de descanso ou 80 euros.

Dende FICA e FeSMC faise fincapé nos termos do acordo, nos avances e que estes conseguíronse grazas á forza mobilizadora dos traballadores e traballadoras de ambos sectores.

UGT valora o acordo para a laboralización de autónomos en Uber Eats

Redacción.- FeSMC pon en valor o acordo asinado esta semana por UGT, CCOO e Uber Eats para laboralizar á totalidade dos repartidores autónomos que aínda operaban na plataforma, unha medida que afectará a 4.286 traballadores e traballadoras e que se fará efectiva o próximo 30 de novembro.

Desde o sindicato realízase unha valoración moi positiva deste avance, destacando que o fin da precariedade e a fraude dos falsos autónomos no sector é froito da negociación e a presión constante. Unha presión que FeSMC-UGT exerceu de xeito decidido non só ante a dirección da empresa, senón tamén no ámbito político e lexislativo, demostrando que regular é fundamental para garantir os dereitos dos traballadores e a propia viabilidade e competencia xusta entre as empresas.

Claves do proceso de transición en Uber Eats

Coa firma deste acordo péchase o proceso de transición cara o emprego asalariado iniciado pola compañía a principios deste ano:



• Contratacións previas: desde xaneiro de 2026, máis de 14.000 repartidores xa foron contratados por conta allea e rexistrados no Réxime Xeral da Seguridade Social.

• Prazo definitivo: os preto de 4.000 repartidores autónomos restantes incorporaranse a persoal asalariado antes do 30 de novembro de 2026.

• Fin do modelo autónomo: a partir da devandita data, quedará extinguida a posibilidade de operar como repartidor autónomo para a plataforma en España.

• Garantía de cotizacións: o acordo estipula que as contribucións á Seguridade Social da totalidade dos repartidores serán debidamente abonadas.

Un aviso ao sector das plataformas

FeSMC-UGT advirte que este acordo asinado esta semmana debe servir como unha referencia ineludible para o resto de compañías que operan baixo a figura do falso autónomo ou que pretenden facelo no futuro.

As empresas do sector deben ter claro que España é un país serio cun mercado de traballo debidamente regulado e as organizacións sindicais permaneceremos sempre vixiantes para garantir o cumprimento da lei e a protección dos traballadores e traballadoras do sector.

Continúan as xornadas "Lugo con Memoria"



Redacción.- As xornadas "Lugo con Memoria", organizadas pola Fundación Luís Tilve, coa colaboración da Deputación de Lugo, continuaron este xoves coa mesa: "A represión das mulleres. O Padroado de Protección á muller", na que se abordou a represión patriarcal e moral que exercía un sistema non democrático e o uso institucional que a ditadura levou a cabo para castigar ás mulleres e nenas que non seguían o modelo imposto polo Réxime, así como das vivencias particulares das mulleres que foron vítimas do Padroado. Unha violencia, que non é de antonte, é de onte. Xa que o Padroado estivo activo ata o ano 1982.

Trala apertura do acto por parte da deputada provincial Pilar García, que destacou a importancia de recuperar as experiencias das afectadas e analizar as dificultades que persisten para documentar os abusos e avanzar no recoñecemento e na reparación das vítimas, tomou a palabra o director da Fundación, Guillerme Pérez, quen recalcou que "a historia non se repite, pero rima. E ultimamente estamos a escoitar moitas rimas, con respecto ó dereito ao aborto, á eutanasia e, incluso, ó voto. Hai a quen xa lle sobran, incluso, ministerios de Igualdade. Por iso, é fundamental facer historia dende o rigor e con datos fronte a bulos e demagoxia".

As intervencións das especialistas iniciáronse coa doutora en Historia Tamara López que fixo un repaso polas formas de violencia e represión exercidas contra as mulleres na Ditadura ou a falta de dereitos en comparación cos homes, que podían chegar a matalas, sen pena (limitábase a un desterro) en caso de sorprender á súa muller en adulterio. Ou como as mulleres eran tratadas como menores de idade, necesitadas sempre da tutela dun varón ou relegadas ó ámbito do fogar.

A xornalista e investigadora Montse Fajardo relatou como o obxectivo deste Padroado foron as mulleres mozas "díscolas e descarriadas" (por lesbianas, "rojas") que non encaixaban no papel que a ditadura de Franco lles outorgaba e ás que encerraban en diversos centros, dos que chegou a haber unha ducia en Galicia, coa colaboración das congregacións relixiosas, as cales tamén chegaron a arrebatarlles ás mozas os seus fillos Por último, a avogada Silvia Fernández narrou a experiencia da súa parella, a exalcaldesa socialista de Porriño, Eva García (xa falecida), que foi vítima do Padroado pola súa orientación sexual, pasando 23 anos, dende moza, por diversos centros de "reeducación", nos que sería maltratada física e psicoloxicamente pero, pese ó cal, acabou sendo un exemplo de superación. E rematou contando o proceso que iniciou, cun informe xurídico, para que o Goberno incluíra ás mulleres vítimas do Padroado, como tales, na Lei de Memoria Democrática, ó que tamén contribuíu a xestión da Fundación Luís Tilve.

Apuntar que as xornadas tamén contaron coa asistencia da vicesecretaria xeral de dereitos sociais de UGT-Galicia, Ana María Pereiro.

UGT reivindica un modelo de coidados corresponsable que garanta a igualdade real e de oportunidades

Redacción.- Con motivo do 29 de outubro, Día Internacional dos Coidados e o Apoio, proclamado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2023, UGT reivindica a necesidade de avanzar cara un modelo de coidados corresponsable.

O sindicato reclama os coidados como algo esencial para o sostemento da vida, o benestar das persoas e, en definitiva, o funcionamento da sociedade. As Nacións Unidas recoñecen que o traballo de coidados e doméstico non remunerado segue sendo invisible e infravalorado e que as mulleres e as nenas asumen unha parte desproporcionada do mesmo. Por iso, instan a recoñecer, reducir, valorar e redistribuír esta carga, así como a investir en sistemas de coidados sólidos, accesibles e de calidade.

A pesar dos avances sociais e normativos, así como da individualización e intransferibilidade dos permisos e dereitos laborais para coidar, as mulleres continúan sendo hoxe en día as principais responsables, ou mesmo as únicas, de asumir as tarefas domésticas e de coidados. Ademais, son elas maioritariamente quen exerce os dereitos laborais de conciliación. Esta realidade condiciona o acceso, a continuidade e a calidade do emprego das mulleres, e tradúcese nunha maior parcialidade e temporalidade, dificultades para a promoción, inactividade forzosa, brecha salarial, chans pegañentos e teitos de cristal. A iso súmanse a feminización do traballo de coidados remunerado e a situación das mulleres migrantes, protagonistas das cadeas globais de coidados.

Coidar non é un asunto privado. Por iso, UGT considera necesario impulsar políticas públicas que aseguren servizos públicos suficientes, accesibles e de calidade, así como condicións laborais dignas para quen desempeña traballos de coidados de forma remunerada.

De igual modo, para reverter a distribución desigual dos coidados, o sindicato considera imprescindible promover contornas laborais que permitan compatibilizar o emprego coas responsabilidades familiares e a vida privada, fomentando o exercicio corresponsable dos dereitos. Para iso, as empresas deben asumir a súa parte de responsabilidade.

UGT destaca o seu papel fundamental, así como a importancia da negociación colectiva e da súa actuación nos centros de traballo, como ferramentas clave para mellorar, informar, asesorar e defender dereitos, evitando que o seu exercicio xere discriminación laboral ou repercuta negativamente nas traxectorias profesionais de quen os necesita.

Para o sindicato, a corresponsabilidade non consiste unicamente na repartición xusta e equilibrada das tarefas domésticas e familiares entre homes e mulleres, senón tamén en transformar as estruturas sociais, laborais e culturais que perpetúan os roles e estereotipos de xénero. Implica avanzar cara unha sociedade na que coidar non sexa unha responsabilidade atribuída maioritariamente ás mulleres, senón un compromiso compartido entre mulleres e homes, as institucións, as empresas e a sociedade no seu conxunto.

UGT reclama que os coidados son unha responsabilidade compartida e que garantir a corresponsabilidade é unha condición imprescindible para alcanzar a igualdade real e de oportunidades.